WIKIPEDIA

Lingua istrorromanesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **istrorromanés**[1] é unha lingua romance. De todas as linguas ou dialectos que se falan fóra da actual Romanía, é lingüisticamente a máis próxima á lingua oficial dese estado, o daco-romanés ou simplemente romanés. O istrorromanés é falado hoxe nunhas poucas vilas e aldeas na península de Istria, na parte setentrional do Mar Adriático, na actual Croacia. Antigamente foi falada dende unha parte considerablemente ampla do nordeste de Istria nos arredores da cadea montañosa de Ciceria (hoxe Ćićarija), (antiga *Mons Carusadius)* ata Trieste. Os seus falantes chámanse a si mesmos *Vlahi* (nome dado polos eslavos), *Rumeni*, *Rumêri* ou *Rumâri*, así como *Ćići* e *Ćiribiri* (este último é un alcume usado desprezativamente para a lingua istrorromanesa, non para os seus falantes).

Istrorromanés 'Vlăşeşte/Rumâreşte'	
Outros nomes:	*Rumêri-kuvinta*
Falado en:	Croacia
Rexións:	Istria
Total de falantes:	300 (2007)
Familia:	Indoeuropea Itálica Románica Románica oriental Balco-románica **Istrorromanés**
Escrita:	alfabeto latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	*Ningún país*
Regulado por:	*Non está regulada*
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`roa`
ISO 639-3:	`ruo (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=ruo)`

Os istrorromaneses divídense hoxe en dous grupos: os *Ćići* arredor de Žejane (que fai referencia aos pobos da parte norte do monte Ucka) e os *Vlahi* ao redor de Šušnjevica (que fai referencia aos pobos da parte sur do monte Ucka (Monte Maggiore (monte Maior)). De todas as maneiras, e a pesar das interferencias doutras linguas e diferenzas de palabras que varían dunha vila a outra, a súa lingua é lingüisticamente idéntica.

O estimación do número de falantes de istrorromanés é moi vaga, calcúlase que son menos ou arredor de 1 000, o "máis pequeno grupo étnico-lingüístico en Europa" é unha das linguas recoñecidas coma as "máis seriamente en perigo" na UNESCO *Red Book of Endangered Languages (http://www.helsinki.fi/~tasalmin/europe_index.html)*, debido a que o pequeno número de falantes se reparte en oito pequenas aldeas e dúas vilas "considerables" que son Žejane (Xeiane) e Šušnjevica (Susnieviza), ademais de non existir educación pública na lingua nativa. Os seus falantes aínda non son recoñecidos coma minoría oficial en Croacia; quizais debido ao contubernio histórico de Istria: un número considerable de falantes istrorromaneses foran obrigados a deixar Istria e pobos e cidades veciños despois da Segunda Guerra Mundial cando o Tratado de Paz de París con Italia asinado o 10 de febreiro de 1947, apartou Istria de Italia (que a gañara despois da Primeira Guerra Mundial) integrándoa en Iugoslavia, o país pai das actuais Croacia e Eslovenia, que dividiu Istria en dúas partes entre eses territorios, mentres Italia permanecía cunha pequena parte preto de Trieste.

Índice

Historia recente

O número de falantes de istrorromanés foise reducindo co tempo debido ás asimilacións sufridas cos cambios políticos de Istria: no censo italiano de 1921, había 1 644 falantes de istrorromanés declarados na zona e segundo a estimación do estudoso romanés Sextil Puşcariu en 1926 eran preto duns 3000. No censo de 1991 de Iugoslavia, tan só foron rexistrados 811 "romaneses", e no censo de Croacia do 2001 soamente 137 habitantes da rexión declarou o "romanés" coma a súa lingua nai. Estudos en Istria en 1998 (?) polo lingüista croata August Kovačec, rexistrou só 170 falantes activos (pero é probable que estes fosen só os das propias vilas onde a lingua era falada, excluíndo aqueles que deixaron as vilas de Istria por un tempo moi longo e que aínda o falan), a maioría deles bilingües (ou trilingües) agás 27 rapaces.

En 1922, o Réxime italiano de Benito Mussolini recoñeceu á vila de Susnieviza (que renomeou como Valdarsa, volvendo despois ao nome pre-italiano pero escrito en croata coma Šušnjevica) coma o asentamento dos istrorromaneses, asignando unha escola en lingua istrorromanesa. Isto foi conseguido grazas aos esforzos de Andrea Glavina (italianización de Glavich), un dos fillos nativos de cidade que foi educado na universidade en Romanía.

Por outra banda, a maior vila do norte, Žejane, e outras aldeas próximas á fronteira con Eslovenia están menos italianizadas e máis eslavizadas. Moitas vilas nesta área teñen nomes que son de orixe romanesa, tales coma *Jeian*, *Buzet* ("labios"), *Katun* ("aldea"), *Gradinje* ("xardín"), *Letaj*, *Sucodru* ("baixo un

bosque"), *Costirceanu* (nome romanés). Algúns destes topónimos son oficiais (recoñecidos por Croacia como nomes propios de seu), mentres que outros son usados soamente polos falantes istrorromaneses (ex. Nova Vas|Noselo).

O destino actual do istrorromanés é incerto, porque en Istria só preto de 350 persoas o entenden parcialmente; os falantes activos e bilingües son menos de 200 (isto son os que admiten abertamente falalo, o número actual pode ser maior), e menos de 30 nenos o coñecen hoxe. Os falantes foron fortemente pasivos e receosos a apoios do exterior que a miúdo incluían intereses políticos no caso dunha axuda real. Isto foi así baixo o réxime italiano e iugoslavo segundo os indicios que temos hoxe. Sen un apoio internacional activo, eficiente e urxente, a lingua istrorromanesa extinguirase nas vindeiras dúas xeracións.

Orixe

Algúns lingüistas cren que os istrorromaneses emigraron ata a actual rexión de Istria e ata a cidade de Trieste ao redor de hai 1 000 anos dende Transilvania, mentres que a teoría serbia cre que tería lugar a súa orixe na actual Serbia, o que non se pode corroborar manténdose a primeira tese en consenso entre os estudosos. Atopáronse recentes achados que suxiren que o pobo istrorromanés (con toda probabilidade valacos) xa estiveran presentes en certas rexións preto do Friul a finais do século XIII.

Algúns préstamos suxiren que os istrorromaneses viviron un período longo entre as terras non insulares dálmatas ata o río Cetina, onde destacan algúns nomes de parentesco rematados en *-ul* da época medieval. De calquera forma, é lingüisticamente evidente que o "dialecto" istrorromanés escindiuse do amplamente falado daco-romanés -unha lingua romance oriental- máis tarde que outros dialectos romaneses, o arromanés e o meglenorromanés, e hoxe o máis próximo ao dialecto daco-romanés, a lingua oficial de Romanía en Moldavia.

A primeira anotación en istrorromanés (non necesariamente o "Ćići") data de finais de 1329, cando as crónicas serbias mencionan que unha poboación de valacos vivía na área, aínda que unha mención máis antiga (do século XII dun mosteiro veneciano) fala dun líder en Istria chamado *Radul* (que podería ser un nome romanés).

Pavle Ivić, un lingüista serbio, cita a hipótese de que unha considerable poboación de latinos habitaron os Balcáns dende o oeste ao leste a través da antiga Iugoslavia antes do século X. A teoría é que estas poboacións se reduciron polas epidemias e guerras, mesturándose cos primeiros istrorromaneses que se trasladaron a Istria, pero non existe ningunha crónica que apoie esta teoría.

O escritor e historiador italiano Giuseppe Lazzarini cre que hai máis de 5 000 istrorromaneses descendentes en Istria hoxe en día, pero os máis deles identifícanse a si mesmos (censo 1991: soamente 811 istrorromaneses) con outros grupos étnicos de acordo coas outras nacións desta rexión. Crese que os istrorromaneses son os descendentes da unión dos lexionarios romanos (movidos por Augusto ao leste de Istria para colonizar as fronteiras de Italia) e os pastores arromaneses que escaparon das invasións otomás para instalarse nunha Istria despoboada pola peste no século XIV.

Existe tamén un erro común que é a confusión de "ćići" e "vlahi" co "morlacchi" (eslavo: Murlaki) que son un grupo lingüístico e étnico completamente distinto na Dalmacia e na Herzegovina.

Lingua

O istrorromanés ten bastante parecido co romanés, e a maior parte de lingüistas romaneses pensa que é un dialecto máis ca unha lingua independente. Outro punto de vista é que o istrorromanés está máis relacionado coa extinta lingua dálmata, pero non hai evidencias lingüísticas e, polo tanto, non se acepta. De feito, o

istrorromanés ás veces confúndese co *istriot* (obviamente, por persoas que non saben ningunha das linguas), que é outra lingua seriamente ameazada do sur de Istria. Esta é considerada descendente ou estreitamente relacionada cun dos dialectos dálmatas.

Unha das peculiaridades do istrorromanés en comparación con outros "dialectos" do romanés, é o uso do *rotacismo* (o /n/ intervocálico convértese en /r/, *lumină* ("luz" en romanés) pasa a ser *lumira*). Esta é unha das razón polas que os lingüistas romaneses pensan que o istrorromanés evolucionou dende o romanés falado nas áreas de Apuseni ou Maramureş en Transilvania, que ten formas semellantes.

Outras características do istrorromanés son:

- Prosthetic **a-** coma en arumano (AR) aruşine < DR ruşine non existe, porén por falsa analoxía un **a-** orgánico pode desaparecer p.ex. (a)prope, (a)ratå, (a)ve;
- **á** tónico pode converterse en **å** /ɔ/ que pode tamén ser atopado no Bánato, rexión de Romania;
- **ă-á** convértese **a-å**, p.ex. DR mărită > IR maritå (casarse), DR arătá > IR (a)ratå (mostrar, amosar);
- **au** convértese **åv**, un troco similar aparece en arromanés, p.ex. DR aud > AR avdu, IR åvdu ((eu) oio); igualmente DR preot > AR/IR preftu (sacerdote, prior, cura);
- **-e** precedida de labial permanece inalterada, mentres que en DR convértese en **-ă**, p.ex. IR per < DR păr (pereira/pelo), IR pemint < DR pămînt (ground);
- DR **-eá-** tónico convértese en **-é-** tónico, p.ex. DR leac > IR lec (remedio), DR leagăn > IR legăr (berce/randeeira), DR fată > IR fetĕ (rapaza, nena);
- Os grupos consonánticos **cľ** e **gľ** só se atopan en IR, AR e megleno-romanés (MR). Estes grupos amosan que os dialectos romaneses en Istria se separaron do DR antes do século XIII, cando **cľ** e **gľ** tendían a **k'** e **g'**, p.ex. latín inclūdēre > IR cľide, MR ancľide > DR închide (pechar), latín glacia > IR gľåţĕ, AR/MR gľeţ > DR gheaţă (xeo);
- As labiais *p, b, f, v* e *m* amosan as seguintes evolucións nas linguas romances orientais:

istrorromanés	**arromanés**	**megleno-romanés**	**romanés**	**galego**
pićor = pé	cicior	picior	picior	perna
kľeptu	cheptu	kľeptu	piept	peito
bire	ghine	bini	bine	bo, bon
bľerå	azghirari	zber	zbiera	gritar, ruxir
fiľu	hilj	iľu	fiu	fillo
fiľa	hilje	iľe	fiică	filla
ficåt	hicat		ficat	fígado
fi	hire	ire	fi	ser
fľer	heru	ieru	fier	ferro
viţelu	yitsãl	viţål	viţel	vitela
(g)ľerm	iermu	ghiarmi	vierme	verme
viu	yiu	ghiu	viu	vivo
vipt	yiptu		vipt	comida, grao
mľe(lu)	njel	m'iel	miel	cordeiro
mľåre	njare	m'ari	miere	mel

Os resultados destes cambios en IR pódense resumir nestoutro cadro:

p > **p**, **kľ**, **ć**
b > **b**, **bľ**
f > **f**, **fľ**
v > **v**, **ľ**, **gľ**
m > **mľ**

- Palabras que só se atopaban en istrorromanés e nalgúns dialectos do daco-romanés do Bánato:

istrorromanés	bánato	daco-romanés	galego
amănåt	amînat	târziu	tarde
(a)stårĕ	astară	astăseară	esta noite
bericåtĕ	beregată	laringe	larinxe
lomi	lomui	a frânge	romper
prigodĕ	prigoadă	afacere	negocios, asuntos
zgodi	zgođi	a se întîmpla	suceder, ocorrer

De todas as maneiras, as palabras similares *zgoda* (suceso) e *prigoda* (negocio, asunto) son amplamente utilizadas en serbo-croata, e poden ser tamén préstamos do eslavo; tamén a palabra istrorromanesa *mľelu* é similar á chacaviana *mjelić* (cordeiro) dalgúns habitantes das illas adriáticas.

Gramática

A gramática do istrorromanés é bastante similar ás gramáticas das outras linguas romances orientais.

Morfoloxía

A evolución do istrorromanés dende o daco-romanés mostra dous trazos distintivos:

1. A declinación do substantivo mostra unha racionalización das formas: a declinación normal dun substantivo romanés ten practicamente desaparecido do istrorromanés;
2. mentres que a inflexión verbal é máis conservadora e a súa evolución non é tan marcada.

Nomes

O artigo ten dúas formas: definida/determinada e indefinida/indeterminada. O artigo definido pode ser nominal ou adxectival. O nominal engádese aos nomes, e o adxectival vai despois do adxectivo.

As formas nominais son: para nomes masculinos en singular: **-l** e **-le,** para nomes femininos en singular: **-a,** para nomes masculinos en plural: **-i**, para nomes femininos en plural: **-le.**

Coma no daco-romanés falado o **-l** do artigo determinado singular masculino pérdese deixando só a vogal **-u-**, p.ex. DR lup**ul** > IR lup**u** (*o lobo*), DR urs**ul** > IR urs**u** (*o oso*), DR miel**ul** > IR mľel**u** (*o cordeiro*).

A terminación **-le** para tódolos substantivos masculinos en singular rematados en **-e**, p.ex. fråte**le** (*o irmán*), sore**le** (*o sol*), căre**le** (*o can*).

Algúns exemplos de substantivos masculinos nos que se amosan as terminacións dos casos, nominativo=acusativo, xenitivo=dativo. O vocativo non se amosa xa que normalmente se corresponde co nominativo.

- fiľ (*fillo*), fiľi (pl.)

Caso	istrorromanés	arromanés	megleno-romanés	romanés	galego
Nom./Ac. sing.	fiľu	hiljlu	iľiu	fiul	o fillo
Xen./Dat. sing.	lu fiľu	a hiljlui	lu iľiu	al fiului	do/ao fillo
Nom./Ac. pl.	fiľi	hiljli	iľii	fiii	os fillos
Xen/Dat. pl.	lu fiľi	a hiljlor	lu iľii	al fiilor	dos/aos fillos

- socru (*sogro*), socri (pl.)

Caso	istrorromanés	arromanés	megleno-romanés	romanés	galego
Nom./Ac. sing.	socru	socrulu	socru	socrul	o sogro
Xen./Dat. sg.	lu socru	a socrului	lu socru	al socrului	do/ao sogro
Nom./Ac. pl.	socri	socri	socri	socrii	os sogros
Xen./Dat. pl.	lu socri	a socrilor	lu socri	al socrilor	dos/aos sogros

- fråte (*irmán*), fråţ (pl.)

Caso	istrorromanés	arromanés	megleno-romanés	romanés	galego
Nom./Ac. sing.	fråtele	frate	frateli	fratele	o irmán
Xen./Dat. sing.	lu fråtele	a fratelui	lu frateli	al fratelui	do/ao irmán
Nom./Ac. pl.	fråţ	fratslji	fraţili	fraţii	os irmáns
Xen./Dat. pl.	lu fråţ	a fratslor	lu fraţilor	al fraţilor	dos/aos irmáns

Nomes femininos

O **-a** replaces **-ĕ** e **-e**, p.ex. cås**ĕ** > cås**a** (*a casa*), nopt**e** > nopt**a** (*a noite*); non obstante algúns substantivos femininos que rematan en **-e** tónico, compórtanse de xeito diferente, p.ex. st**e** > ste**vu** (*a estrela*), n**e** > ne**vu** (*a neve*).

- fetĕ (*rapaza*), fete (pl.)

Caso	istrorromanés	arromanés	megleno-romanés	romanés	galego
Nom./Ac. sing.	feta	feata	feta	fata	a rapaza
Xen./Dat. sing.	lu feta	a featiljei	lu feta	al fetei	da/á rapaza

- muľerĕ (*muller*), muľere (pl.)

Caso	istrorromanés	arromanés	megleno-romanés	romanés	galego
Nom./Ac. sing.	muľera	muljarea	muľiarea	muierea	a muler
Xen./Dat. sing.	lu muľera	a muljariljei	lu muľiarea	al muierei	da/á muller

- ste (*estrela*), stele (pl.)

Caso	istrorromanés	arromanés	megleno-romanés	romanés	galego
Nom./Ac. sing.	stevu	steao	steua	steaua	a estrela
Xen./Dat. sing.	lu stevu	a steaoljei	lu steua	al stelei	da/á estrela
Nom./Ac. pl.	stelele	steale	stelili	stelele	as estrelas
Xen./Dat. pl.	lu stelele	a stealilor	lu stelilor	al stelelor	das/ás estrelas

Os substantivos neutros permanecen masculinos no singular e femininos no plural (coñecidos coma substantivos mixtos)

- bråţ (*brazo*), bråţe (pl.) - bråţu (*o brazo*), bråţele (pl.)
- os (*óso*), ose (pl.) - osu (*o óso*), osele (pl.)
- zid (*muro*), zidur (pl.) - zidu (*o muro*), zidurle (pl.)
- plug (*plough*), plugur (pl.) - plugu (*the plough*), plugurle (pl.)

As formas para o artigo adxectival son no singular *ćela* para o masculino e *ćå* para o feminino, e no plural *ćeľ* para o masculino e *ćåle* para o feminino, p.ex.: ćela bur (*o bo*).

O artigo indefinido é *un* para o masculino e *o* para o feminino. A declinación do artigo indefinido desapareceu. Exemplos: un om (*un home*), un cå (*un cabalo*), o misě (*unha táboa*), o båbě (*unha muller vella/anciá*).

Adxectivos

Os adxectivos tamén teñen tres xéneros, as formas masculinas e femininas procedentes do latín, mentres que a forma neutra é de orixe eslava , isto é, baixo a influencia sintáctica do uso dos neutros en eslavo. P.ex. bur, bur**ě**, bur**o** (*bo, bon*). O adxectivo comparativo é: måi bur (*moi bo, mellor*) e o superlativo é: ćel måi bur (*o mellor*).

O adxectivo pode preceder ao substantivo: bur**a** zi (*(o) bo día*) ou seguir ao substantivo: feta muşåt**ě** (*a rapaza bela/fermosa*).

Pronomes

Os pronomes definidos poden ser persoais, posesivos, demostrativos, relativos e interrogativos.

Pronomes persoais

Caso	1ª pers.sing.	2ª pers.sing.	3ª pers.sig masc.	3ª pers.sing.fem.	1ª pers.pl	II	III
Nom.	io	tu	ie	iå	noi	voi	ieľ/iåle
	ti	el	ela	nós	vós	eles/elas	
Ac.	mire	tire	ăl	ăl	ne	ve	lor
Ac.	me/m'	te/t'	ăl/l'	o	ne/n'	ve/v'	lor
	me	te	lle	lle	nos	vos	lles
Dat.	mi/âm/m'	ţi/âţ/ţ'	âľ/ľ/lui	âľ/ľ/ľei	ni/ne/n'	vi/ve/v'	le/ľ
	a min	a ti	a el	a ela	a nós	a vós	a eles/elas

p.ex. m-åm ărs (*I laughed*), l-åi vezut (*you saw him*)

Pronomes posesivos:

Sing. Masc.	Fem.	Pl. Masc.	Fem.	g alego
meu/mev	me	meľ	mele	meu
teu/tev	te	teľ	tele	teu
seu/lui	se/ľei	seľ	sele	del/dela/del
noştru	noştrĕ	noştri	noştre	noso
voştru	voştrĕ	voştri	voştre	voso
lor	lor	lor	lor	deles/delas

p.ex. mev ćåće (*meu pai*), lui căre (*o seu (del) can*), ľei måie (*súa (dela) nai*), noştri cåľ (*os nosos cabalos*)

Pronomes demostrativos

- este: *ćest, ćåsta*
- estes: *ćeşť, ćåste*

Poden tamén comezar con ţ- or ť- p.ex. ţest om (*este home*)

- ese: *ćel, ćå*
- eses: *ćeľ, ćåle*

Igualmente poden comezar con ţ- e.g. ţåle lingure (*esas culleres*)

- este de aquí/estoutro: *ćesta-istu, ćåsta-ista*
- ese de aquí/esoutro: *ćela-istu, ćåista*
- ese de alá/esoutro: *ćela-åt, ćå-åtĕ*
- eses de alá/esoutros: *ćeľ-åľţi, ćåle-åte*

Pronomes relativos

- que, quen: *cåre* / *cårle*, pl. *cårli*

Pronomes interrogativos

- quen: *ćire* / *će*
- cal, cales: *cåre* / *cårle*, pl. *cårli*
- cal (destes): *căt*

Pronomes indefinidos

indefinido	masculino	feminino
un	*un*	*o*
algún	*vrun*	*vro*
un/unha	*ur*	*o*
ningún	*ničur*	*ničurĕ*
nada	*nimic*	*nimic*
algo	*ćeva*	*ćeva*
outro	*åt*	*åta* - *åto*
cada	*saki*	*saca* - *saco*
calquera	*cătcoder*	*cătcoder*

Numerais

Números cardinais

A maioría dos números cardinais veñen do latín, con varios préstamos do dialectos eslavos locais.

cifra	nome	cifra	nome	cifra	nome
1	un/ur (m), o (f)	11	urprezåće / iednaist	21	dovotezåće şi ur
2	doi (m), do (f)	12	doiprezåće / dvanaist	22	dovotezåće şi doi
3	trei	13	treiprezåće / trenaist	23	dovotezåće şi trei
4	påtru				
5	ćinć / ţinţ				
6	şåse				
7	şåpte				
8	opt / osăn				
9	devet	19	devetprezåće		
10	zåće / zeće / deset	20	dovotezåće / dvadeset / dvaiset	30	treivotezåće

40	cvårnaru
50	ćinćvotezåće
...	
100	sto
101	sto şi ur
200	dovotesto
1000	miľår / tisuť / tåvžânt

Notas:

11 componse de '1 sobre 10' *ur-pre-zåće*

20 componse de '2 veces 10' *do-vote-zåće*, do mesmo modo, 200 é '2 veces 100' *do-vote-sto*

1000 *miľår* vén da lingua véneta, *tisuť* dos dialectos eslavos, e *tåvžânt* do alemán.

Números ordinais

cifra	masculino	feminino
1º	*prvi*	*prva*
2º	*doile*	*dova*
3º	*treile*	*treia*
5º	*ćinćile*	*ćinća*
6º	*şåsele*	*şåsa*
7º	*şåptele*	*şåpta*
8º	*osmule*	*osma*
9º	*devetile*	*deveta*
10º	*desetile*	*deseta*
último/a	*zådni* / *zădăńu*	*zådńa*

Literatura

Non hai tradición literaria local, aínda que Andrea Glavina, un istrorromanés que foi educado en Romania, escribiu en1905 *Calendaru lu rumeri din Istrie* ("O calendario dos romaneses de Istria"). Neste libro escribiu moitos contos folclóricos do seu pobo. Recentemente foron recollidos por A. Kovačec (1998) unha serie de contos istrorromaneses actuais e cancións populares orixinais.

Notas

1. Definición de istrorromanés, -esa (https://digalego.xunta.gal/gl/termo/38137) no *Dicionario de Galego (https://digalego.xunta.gal/gl/caracteristicas)* de Ir Indo e a Xunta de Galicia.

Véxase tamén

Outros artigos



Vexa a proba da Wikipedia en ***Lingua istrorromanesa (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/ruo)***

- Istria
- Istrorromaneses
- Gramática istrorromanesa

Bibliografía

- Wolfgang Dahmen: *Istrorumänisch. Lexicon der Romanistische Linguistik. III*, Tübingen, 1989, pp. 448–460.
- Nerina Feresini: *Il Comune istro-romeno di Valdarsa*. Edizioni Italo Svevo. Trieste: 1996.
- August Kovačec: Notes sur les formes de cas en istroroumain. Studia Romanica 13-14: 75-84, Zagreb 1962.
- August Kovačec: Certaines modifications grammaticales des 'quantitatifs' et 'qualitatifs' istroroumains dues a l' influence croate. Studia Romanica 23: 195-210, Zagreb 1967.
- August Kovačec: Le calque lexical d' apres le croate comme cause de certains changements grammaticaux istroroumains. Actele de XII Congres International de Lingvistica si Filologie Romanica, vol. 2: 1127-1131, Bucarest 1971.
- August Kovačec: Istrorumunjsko-hrvatski rječnik s gramatikom i tekstovima *(Glosar Istroroman-Croat cu gramatica si texte)*. Verba moritura vol. I, 378 p. Mediteran, Pula 1998.
- Josif Popovici: *Dialectele romîne din Istria*, Halle, 1909.
- Pavao Tekavčić: *Due voci romene in un dialetto serbo-croato dell'Isola di Veglia* (Krk). Studia Romanica 7: 35-38, Zagreb 1959.

Ligazóns externas

- Istro-Romanian Community Worldwide, a site created by the Istro-Romanian people (http://www.istro-romanian.com)
- Decebal (https://web.archive.org/web/20060507084351/http://www.decebal.it/)
- UNESCO Red Book on Endangered Languages - entry for Istro-Romanian (http://www.helsinki.fi/~tasalmin/europe_report.html#IRumanian)
- Ethnologue report for Istro-Romanian (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=ruo)
- The IstroRomanians in Croatia (http://www.istro-romanian.net)